

## Igrexa de Corredoira (parroquial de San Gregorio)

Patrimonio Cultural do  
Concello de Cotobade

## Descrición

A igrexa ten planta rectangular, destacando volumetricamente en altura o corpo da ábsida que é máis alto. Ten un engadido no lateral nordeste que fai que a percepción xeral do elemento ao entrar no adro pareza de cruz latina.

Planta basilical. Capela con bóveda de nervios sobre ménsulas dunha soa clave decorada. Nave con tres tramos, con bóveda de canón e arcos faixóns de medio punto sobre piastras, liña de imposta á altura dos capiteis.

Sanctaría pegada ao lado dereito do ábsida cuberta con bóveda de nervios dunha clave e ménsulas onde descansan os nervios.

A fachada ten unha lectura formal neoclásica especialmente na porta de acceso enmarcada por piastras que se unen en frontón triangular e rematan en pináculo e media espadana de dobre vano. Ábsida máis alta que a nave, con teito a catro augas e pináculos nos ángulos. Escaleiras de pedra exteriores no lateral para acceso ao campanario.

## Adscripción cultural

Sen definir

## Tipoloxía

Igrexa

## LOCALIZACIÓN

Parroquia

Corredoira

Lugar

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 546264 Y: 4705315

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.438499 O

Latitude: 42.496889 N

